

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Orde do 18 de decembro de 2007, complementaria á do 28 de agosto, pola que se resolve a cesión en propiedade de vehículos especialmente preparados para misións de protección civil.

Por Orde do 4 de abril de 2007 (DOG nº 74, do 17 de abril), a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza anunciou normas para a cesión en propiedade aos concellos e mancomunidades de concellos galegos de vehículos especialmente preparados para misións de protección civil.

Con data 28 de agosto de 2007 resolveuse a concesión de cesión en propiedade dos mencionados vehículos a once concellos e a unha mancomunidade de concellos.

O o artigo 5.3º da Orde do 4 de abril de 2007 establece que na proposta de resolución elaborada pola Comisión de Avaliación debe constar o número de beneficiarios igual ao número de vehículos ofertados, engadíndose unha lista de reserva cara á posible renuncia dalgún beneficiario ou á adquisición de máis vehículos, que será elevada posteriormente ao órgano competente para resolver.

Así mesmo, a disposición adicional da Orde do 4 de abril de 2007 dispón no seu parágrafo primeiro que a achega compensatoria efectuada por cada concello ou mancomunidade beneficiaria, segundo o disposto no artigo 7.3º a), poderá xerar créditos no estado de gastos desta consellería, que poderá ser utilizada na adquisición e adxudicación de máis vehículos do mesmo tipo e características que os cedidos inicialmente.

Segundo a referida disposición adicional e considerando a proposta de resolución da comisión avaliadora, en aplicación do artigo 7 da Orde do 4 abril de 2007,

RESOLVO:

Primeiro.-Ampliar a Orde do 28 de agosto de 2007 pola que se resolveu a cesión en propiedade dos vehículos de protección civil e conceder, con cargo á aplicación 06.07.212A.624.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007, a cesión en propiedade de dous vehículos especialmente preparados para misións de protección civil aos concellos de Cambre e Becerreá, na provincia da Coruña e de Lugo respectivamente.

Segundo.-Notificarlle o contido desta resolución aos concellos beneficiarios, especificando as condicións particulares que deberán cumprir, e que se formalizará mediante acta, en que constará o acordo da cesión e a aceptación do cesionario.

Terceiro.-Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición ante este mesmo órgano, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde.

En todo caso, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición.

Santiago de Compostela, 18 de decembro de 2007.

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros.-Orde do 14 de novembro de 2007 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2006-2007, convocados pola Orde do 29 de maio de 2007.

Advertidos erros no anexo da citada orde, publicada no DOG nº 229, do 27 de novembro de 2007, cómpre publicar a seguinte corrección:

No anexo, relación de premios extraordinarios de bacharelato correspondentes ao curso 2006-2007, páxina 18.855,

Onde di:

Cid Blanco	Noa	44494012-Y	CPR Guillermo Brown	O Pereiro de Aguiar	732 €
------------	-----	------------	---------------------	---------------------	-------

Debe dicir:

Cid Blanco	Noa	44494012-Y	IES O Couto	Ourense	732 €
------------	-----	------------	-------------	---------	-------

CONSELLERÍA DE TRABALLO

Corrección de erros.-Decreto 251/2007, do 13 de decembro, polo que se regula o recoñecemento da condición de entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia en captación de ofertas e a creación do rexistro administrativo.

Advertidos erros no devandito decreto, publicado no DOG nº 5, do martes 8 de xaneiro de 2008, cómpre facer a oportuna corrección:

1. Na páxina 363, na columna dereita, no artigo 7, débese suprimir a letra c).
2. Xúntase o anexo I ao cal se refire o artigo 4.1º.